Serie A N.º 0361181

SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO

O DIA 30 / SETEMBRO / 1996

S U M A R I O

1.- DAR CONTA DAS RESOLUCIONS DICTADAS POLA ALCALDIA SOBRE NOMEAMENTO DE TENIENTES DE ALCALDE, MEMBROS COMISION GOBERNO, DELEGACIONS DA ALCALDIA, PRESIDENTES COMISIONS INFORMATIVAS E REPRESENTANTES EN ORGANOS COLEXIADOS.

2.- DAR CONTA DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 15/95.

3.- APROBACION, NO SEU CASO, PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES REFERENTE O ANO 1.996.

4.- CREACION E COMPOSICION COMISIONS INFORMATIVAS PERMANENTES.

5.- NOMEAMENTO REPRESENTANTES DESTE CONCELLO NO PLENO DA MANCOMUNIDADE DA AREA INTERMUNICIPAL DE VIGO.

No Salón de Sesións do Concello de Redondela, ás vinteunha horas e quince minutos do día trinta de Setembro de mil novecentos noventa e seis, baixo a Presidencia do Iltmo. Sr. Alcalde D. AMADO RICON VIRULEGIO, e a asistencia dos Sres./as Concelleiros/as: D. MANUEL ALONSO LEMOS, Dª. MARIA DEL CARMEN BASTOS RODRIGUEZ, D. JOSE BLANCO PUGA, Dª. FRANCISCA CANAL GOMEZ, D. JAIME DARRIBA VILAS, D. GUMERSINDO FERNANDEZ MENDEZ, D. EMILIO GONZALEZ IGLESIAS, D. XOSE LUIS GRANDE GRANDE, D. MANUEL IGLESIAS CARRERA, D. LUIS ALBERTO MIGUEZ DOCAMPO, D. LUIS ALBERTO ORGE MIGUEZ, D. XOSE CARLOS PAZOS DOCAMPO, Dª. CECILIA PEREZ ORGE, D. MANUEL PIÑEIRO COSTAS, D. FRANCISCO PUCH CASAL, D. LUIS RODRIGUEZ VILARCHAN, D. JOSE MANUEL SOTO VIRULEGIO, D. JAIME TORNERO LOPEZ, Dª. JOSEFA VILLAVERDE RODRIGUEZ E D. XAIME REI BARREIRO, actuando como Secretario que certifica D. LUIS TORRADO VAZQUEZ, se constitúe o Pleno do Iltmo. Concello, en sesión extraordinaria, correspondente ó día da data, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día remesada a tódolos Sres./as Concelleiros/as coa antelación legalmente requerida. Está tamén presente o Sr. Interventor, D. MODESTO SOLLA SANZ.

O retraso no comenzo da sesión plenaria debeuse á intervención neste Pleno da "Banda de Música de Chapela", que impediu o inicio da sesión ás vinteunha horas.

A Presidencia declara aberta a sesión en primeira convocatoria, procedéndose a trata-los puntos da Orde do Día.

1.- <u>DAR CONTA DAS RESOLUCIONS DICTADAS POLA ALCALDIA SOBRE NOMEAMENTO DE TENIENTES DE ALCALDE, MEMBROS COMISION GOBERNO, DELEGACIONS DA ALCALDIA, PRESIDENTES COMISIONS INFORMATIVAS E REPRESENTANTES EN ORGANOS COLEXIADOS</u>.-

Polo Sr. Alcalde Presidente dase conta a este Concello Pleno, das seguintes Resolución da Alcaldía:

De data 28 de Agosto de 1996, pola que se deixan sen efecto Resolucións da Alcaldía referentes a Delegado de Parques, Xardíns, Ornamentación, Mercados, Policía Local e Tráfico; Vías e Obras; Delegado de Participación Cidadán; Protección Civil; Muller e Persoal; e Delegado de Cultura.

De data 30 de Agosto de 1996, deixando sen efecto Resolución da Alcaldía de data 13 de Xullo de 1995, e nomeando membros da Comisión de Goberno.

De data 30 de Agosto de 1996, deixando sen efecto Resolución da Alcaldía de 13 de Xuño de 1995, relativa a Tenientes de Alcalde, e efectuando novos nomeamentos de Tenientes de Alcalde.

De data 12 de Setembro de 1996, outorgando Delegacións da Alcaldía: Tráfico; Turismo e Economía; Muller; Vías e Obras; Persoal; Auga, Saneamento, Limpeza Viaria, Praias, Alumado e Cemiterios e Residuos Sólidos.

De data 20 de Setembro, deixando sen efecto Presidencias e Vicepresidencias das Comisións Informativas.

De data 20 de Setembro de 1996, delegando a Presidencia efectiva das seguintes Comisións Informativas Permanentes: INTERIOR E SEGURIDADE; FACENDA, PATRIMONIO E PERSOAL; URBANISMO, VIAS E OBRAS; SANIDADE E MEDIO AMBENTE; ENSINO; CULTURA; DEPORTES e BENESTAR SOCIAL, MULLER E XUVENTUDE.

Resolucións de datas 25 de Setembro de 1996, cesando ó Concelleiro D. MANUEL IGLESIAS CARRERA, como representantes deste Concello nos Consellos Escolares de Colexios Públicos e

Institutos deste Municipio, e nomeando para os mesmos a novos Concelleiros.

O Pleno do Concello quedou Enterado das Resolucións anteriormente citadas.-

2.- DAR CONTA DE EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CREDITO 15/96.-

Polo Sr. Alcalde-Presidente dase conta a este Concello Pleno do expediente de Modificación de Crédito 15/96, aprobado por Decreto da Alcaldía de data 31 de Julio de 1996.

O Pleno do Concello quedou Enterado do devandito Expediente de Modificación de Crédito 15/96.-

3.- APROBACION, NO SEU CASO, PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES REFERENTE O ANO 1996.-

Polo Sr. Secretario e de orde do Sr. Alcalde-Presidente dase lectura a este Concello Pleno, do enunciado deste punto da orde do día, que comprende resume do Padrón Municipal de Habitantes para o ano 1996, que arroxa o seguinte resultado: Poboación total de dereito, 28.777; Varóns: 13.923; Mulleres: 14.854.

Pola Presidencia ábrese o correspondente turno de debate.

Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro Sr. González Iglesias, por este plantéxase unha cuestión de orde referente a que as sesións plenarias celebraranse ás vinte horas e non ás vinteunha horas, como se convocou o presente Pleno, indicando así mesmo, que pola Presidencia non se convocou o Pleno ordinario correspondente ó mes de Setembro.

Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro Sr. Pazos Docampo, por este maniféstase que debe de cumprirse a legalidade no que respecta ó horario das sesións plenarias e á celebración das sesións ordinarias do citado órgano, xa que a correspondente ó mes de Setembro non se realizou.

Polo Sr. Presidente maniféstase que non estando este asunto dictaminado pola correspondente Comisión Informativa, é preciso a ratificación do mesmo para a súa inclusión na Orde do Día.

Non habendo unanimidade de criterios respecto deste asunto, pola Presidencia sométese o mesmo a votación.

Efectuada a mesma, foi aprobada a ratificación citada cos votos favorables do PP (8), Grupo Mixto (2), e PsdeG-PSOE (7); votando en contra o B.N.G. (3).-

Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro Sr. Alonso Lemos, por este sinálase que se trata de aproba-lo Padrón de Habitantes para 1996 que estaba feito polo anterior goberno municipal.

Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro Sr. Pazos Docampo, por este sinálase que non considera urxente este asunto, pero que non está en contra da aprobación do citado Padrón de Habitantes.

Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro Sr. González Iglesias, por este manifféstase que o seu Grupo ten contraído o compromiso de votar favorablemente a urxencia de tódolos asuntos que se presenten ó Pleno con tal carácter, e que así o fixo no presente asunto, aínda que cree que houbo tempo suficiente para convocar unha Comisión Informativa.

Continúa a súa intervención o Concelleiro antes citado, sinalando a incapacidade do grupo de goberno, e fai alusión ós ceses dos Presidentes das Comisións Informativas que tardaron en facerse e que cando se fixeron, se fixeron mal, xa que non se lle cesou como Presidente da Comisión de Saúde, aínda que neste acto, dí que dimite de tal cargo.

Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro Sr. Soto Virulegio, por este sinálase que tanto o PSOE coma o BNG, están preocupados polos erros que poidan existir, cando hai máis cousas importantes de que tratar, e fai alusión ó desvaraxuste do grupo de goberno anterior.

Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro Sr. Alonso Lemos, por este manifféstase que non se poideron celebrar Comisións Informativas ata que se celebrase este Pleno, e que claro que moitas cousas non lle gustan, e porque non lle gustaban moitas cousas do PSOE, por iso marchouse dese Partido Político.

Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro Sr. González Iglesias, por este dirixíndose ó Concelleiro Sr. Alonso Lemos, dille que a súa exposición non é defendible, xa que os Presidentes das Comisións Informativas se cesan por Resolución da Alcaldía.

Este Concello Pleno, por unanimidade de tódolos Concelleiros asistentes a esta sesión, acorda prestarlle a súa aprobación, ás relacións numéricas do Padrón Municipal de Habitantes para 1996.-

4.- CREACION E COMPOSICION COMISIONS INFORMATIVAS PERMANENTES.-

Polo Sr. Secretario e de orde do Sr. Alcalde dase conta a este Concello Pleno, de expediente relativo ó asunto correspondente a este punto da Orde do Día, que comprende:

- Escritos do Sr. Alcalde, de datas 20 de Setembro de 1996, con Rexistro Saída do día 23, remitidos ós voceiros dos Grupos Municipais PSdeG-PSOE, BNG e Mixto, indicando que á maior brevedade, deberían nomear representantes e suplentes do seu Grupo Municipal para proceder á composición das Comisións Informativas, do seguinte xeito e co seguinte número: BNG e MIXTO: 2 Concelleiros para a Comisión Informativa de Urbanismo, Vías e Obras; e 1 membro para as restantes Comisións Informativas. E PSdeG-PSOE, 3 Concelleiros pola Comisión Informativa de Urbanismo, Vías e Obras, e 2 polas restantes Comisións.

- Así mesmo constan escritos do PP, PSOE e Grupo Mixto, nomeando os seguintes representantes:

Polo Grupo Municipal do PP.: Comisión Informativa de Benestar Social, Muller e Xuventude: María del Carmen Bastos Rodríguez, Manuel Piñeiro Costas e Francisca Canal Gómez; Comisión Informativa de Ensino: María del Carmen Bastos Rodríguez, José Manuel Soto Virulegio e Francisca Canal Gómez; Comisión Informativa de Cultura: María del Carmen Bastos Rodríguez, José Manuel Soto Virulegio e Francisca Canal Gómez; Comisión Informativa de Deportes: Luis Rodríguez Vilachán, Jaime Darriba Vilas e Gumersindo Fernández Méndez; Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio e Persoal: José Manuel Soto Virulegio, Luis Alberto Míguez Docampo e Gumersindo Fernández Méndez; Comisión Informativa de Interior e Seguridade: Manuel Piñeiro Costas, Luis Rodríguez Vilarchán e Gumersindo Fernández Méndez; Comisión Informativa de Sanidade e Medio Ambente: José Manuel Soto Virulegio, Luis Alberto Míguez Docampo, e Jaime Darriba Vilas; Comisión Informativa de Urbanismo, Vías e Obras: Manuel Piñeiro Costas, Luis Rodríguez Vilarchán, Luis Alberto Míguez Docampo e Jaime Darriba Vilas.

Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE: Comisión Informativa de Interior e Seguridade: Dª. Josefa Villaverde Rodríguez e D. Jaime Tornero López; Facenda, Patrimonio e Persoal: D. Xaime Rei Barreiro e D. Emilio González Iglesias;

Sanidade e Medio Ambente: D. José Blanco Puga e D. Emilio González Iglesias; Ensino: D. Xaime Rei Barreiro e D. Manuel Iglesias Carrera; Cultura: D. Luis Alberto Orge Míguez e D. José Blanco Puga; Deportes: D. José Blanco Puga e D. Manuel Iglesias Carrera; Benestar Social, Muller e Xuventude: D. Jaime Tornero López e Dª: Josefa Villaverde Rodríguez; e Urbanismo, Vías e Obras: D. Xaime Rei Barreiro, D. Manuel Iglesias Carrera e D. Luis Alberto Orge Míguez.

Polo Grupo Mixto: Comisión Informativa de Benestar Social, Muller e Xuventude: D. Manuel Alonso Lemos; Comisión Informativa de Ensino: D. Manuel Alonso Lemos; Comisión Informativa de Cultura: D. Francisco Puch Casal; Comisión Informativa de Deportes: D. Francisco Puch Casal;Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio e Persoal: D. Francisco Puch Casal; Comisión Informativa de Interior e Seguridade: D. Manuel Alonso Lemos; Comisión Informativa de Sanidade e Medio Ambente: D. Francisco Puch Casal; Comisión Informativa de Urbanismo, Vías e Obras: D. Manuel Alonso Lemos e D. Francisco Puch Casal.

Pola Presidencia ábrese o correspondente turno de debate.

Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro Sr. Pazos Docampo, por este manifféstase contrario á proposta do grupo de goberno, plantexada neste asunto, tanto dende o punto de vista legal, coma do punto de vista político. Dende o punto de vista legal, xa que non se sigue o criterio de proporcionalidade, e que si se aproba este asunto, o BNG vai a reclamar. Politicamente sinala o citado Concelleiro, que a composición do grupo de goberno, provoca estas situacións, considerando como un cambalache a actuación do mesmo, e como consecuencia dese cambalache, alude á integración do Concelleiro Puch Casal na Comisión Informativa de Urbanismo.

Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro Sr. González Iglesias, por este sinálase que non ten moi claro o expediente referente a este asunto, xa que hai que fixar o número de membros das Comisións Informativas, o que non aparece por ningún lado, así como cales sexan esas comisións. Continúa a súa intervención dicindo que segundo o Regulamento Orgánico do Concello, non se precisa nomeamento de suplentes das Comisións Informativas, e que nota en falta unha comisión importante como é a Comisión Especial de Contas. Remata a súa intervención aludindo á proporcionalidade sinalada no artigo 125 do ROF en canto ó número de membros de cada Grupo Municipal integrantes das Comisións Informativas, e que si se vota tal e como se pretende o fará en contra e presentarán a reclamación correspondente, pedindo ó Secretario que informe acerca da proporcionalidade citada polo Sr. Concelleiro.

Debidamente autorizado pola Presidencia, o Sr. Secretario sinala que de conformidade co disposto no Artigo 125 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, a composición das Comisións Informativas axustarase á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na corporación, e sin que esa proporcionalidade permítalle sinalar un número fixo e concreto de cada unha das comisións informativas, non poidendo entrar o que informa noutros criterios que considera como políticos e da incumbencia dos Sres. Concelleiros asistentes a esta sesión.

Neste intre, incorpórase á sesión, o Concelleiro Sr. MIGUEZ DOCAMPO.

Polo Concelleiros Sr. Alonso Lemos solicítase da Presidencia intervir no presente debate.

Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro Sr. Pazos Docampo, por este sinálase que o Sr. Presidente non debe ser tendencioso e que como o Sr. Alonso Lemos, non interviu no primeiro turno do debate, non pode intervir no segundo turno, interesando que o Sr. Secretario debe dar un informe neste asunto, considerando que se conculca a Lei ó non cumprir co ROF nin co Regulamento Orgánico.

Pola Presidencia concédeselle a palabra ó Concelleiro Sr. Alonso Lemos, e polo mesmo pídeselle que pola Presidencia se someta a votación o presente asunto, tal e como está exposto.

Coas debidas autorizacións da Presidencia polos Concelleiros Sres. González Iglesias e Orge Míguez, solicítase do Sr. Secretario informe que si está dentro do criterio de proporcionalidade e si é legal que a Comisión Informativa de Urbanismo, Vías e Obras, esté integrada por 11 Concelleiros como se pretende na proposta plantexada polo grupo municipal de goberno.

Polo Sr. Presidente sinálase que o Sr. Secretario non ten que volver a emitir informe ó respecto, xa que xa o emitiu na presente sesión.

Concedida a palabra ó Concelleiro Sr. González Iglesias, por este manifféstase que vai a adoptarse un acordo ilegal, e que non lle encontra explicación ou interese a que o Sr. Puch Casal estea integrado na Comisión Informativa de Urbanismo, Vías e Obras, como pretende oGrupo Municipal de

Goberno, cando calquer concelleiro, aínda que non teña dereito a voto, pode asistir a calquera Comisión Informativa, considerando que a súa inclusión nesa Comisión Informativa é consecuencia dos pactos motivo da moción de censura, e remata a súa intervención sinalando que votará en contra.

Pola Presidencia, e non habendo unanimidade de criterios, sométese a votación a súa proposta, en base ós escritos do Sr. Alcalde e as propostas de nomeamento de membros das distintas comisións informativas formuladas polos Grupos Municipais do PP, PSdeG-PSOE, e Grupo Mixto, e fixando en sete o número de membros integrantes de cada unha das Comisións Informativas, excepto a de Urbanismo Vías e Obras, da que formarían parte once membros, incluídos os Presidentes das mesmas, xa designados e dos que se deu conta nesta sesión.

Efectuada a correspondente votación, obtívose o seguinte resultado: Votan en contra da anterior proposta do Sr. Presidente os Sres. Concelleiros do PSdeG-PSOE (7) e os Sres. Concelleiros do B:N:G. (3), votan a favor da proposta do Sr. Presidente, os Sres. Concelleiros do PP (9), e os Sres. Concelleiros do Grupo Mixto (2), e resultando polo tanto aprobada a Proposta do Sr. Presidente referente a este asunto.

5.- <u>NOMEAMENTO REPRESENTANTES DESTE CONCELLO NO PLENO DA MANCOMUNIDADE DA AREA INTERMUNICIPAL DE VIGO</u>.-

Polo Sr. Secretario dase lectura e de orde do Sr. Presidente, do enunciado do punto quinto da presente Orde do Día, onde figuran os seguintes documentos: escrito da Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo, no que solicita designación dos representantes deste Concello no Pleno da Mancomunidade en número de catro, así como escrito do Sr. Alcalde de data 7 de Setembro do ano que andamos, e dirixidos ós voceiros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, BNG e Mixto, e nos que se interesa dos mesmos, que á maior brevedade se formulen propostas de nomeamento dun representante de cada grupo municipal, que en representación deste Concello, integre o Pleno da citada Mancomunidade.

En relación co escrito do Sr. Alcalde antes citado, constan no expediente, escritos de datas 30 de Setembro de 1996, dos Grupos Municipais do PP e Socialista, propoñendo nomeamento de Concelleiros do seu grupo, en representación deste Concello, para integra-lo Pleno da referida Mancomunidade.

2.- DAR CONTA DA RESOLUCION DA ALCALDIA POLA QUE SE ACORDA A COMPARECENCIA E PERSOAMENTO NO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NUMERO 02/0005846/1996.-

Dase conta da Resolución da Alcaldía de data 18 de Outubro de 1.996, que transcrita dí:

"Visto o escrito da Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de data 25 de Setembro de 1996, rexistrado de entrada co número 4.446 o día 30 do indicado mes, polo que -en cumprimento do acordado pola devandita Sala, no Recurso Contencioso-Administrativo número 02/0005846/1996, interposto por TECNICAS AVANZADAS DE GESTION, S.L., contra Decreto deste Concello de data 9-4-96, polo que se declara a resolución do contrato formalizado, coa incautación da fianza- se reclama o expediente administrativo e se empraza a esta Corporación, pola presente e ó abeiro do previsto no artigo 41.22 do Real Decreto 2568/86 de 28 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en relación co Artigo 50.17 do mesmo corpo legal, esta Alcaldía

R E S O L V E

PRIMEIRO.- Remitir á Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o expediente administrativo solicitado.

SEGUNDO.- Acorda-la comparecencia e persoación do Concello de Redondela nos autos do recurso contencioso-administrativo número 02/0005846/1996, mediante o avogado adscrito ó servicio xurídico-contencioso deste Concello, D. LUIS ALFONSO PEREIRA FERNANDEZ.

TERCEIRO.- Dar conta da presente Resolución ó Concello Pleno na primeira sesión que celebre."

A Corporacion quedou ENTERADA.-